



### XUNTA DE GALICIA

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

##### Anuncio

Acordo do 22 de febreiro de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista cuxo proxecto leva por título "Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo)" promovida pola empresa Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2021/1-2).

Para os efectos previstos nos artigos 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e 78 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, sométese ao trámite de información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista que leva por título "Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo)", que promove a empresa Nedgia Galicia, S.A.

##### Peticionario:

Nedgia Galicia, S.A. con CIF n.º A-15383284 e con enderezo para os efectos de notificación na rúa Lisboa, s/n Edificio Área Central, local 31 HIJ, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

##### Antecedentes:

- O 04/03/2008 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, ditou resolución pola que se outorgou a Gas Galicia SDG, S.A. (actualmente Nedgia Galicia, S.A.) a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Cervo, na provincia de Lugo (expediente IN627A 2005/19-0), publicada no Diario Oficial de Galicia o 07/04/2008 e no Boletín Oficial da provincia o 02/04/2008.
- O 25/11/2021 a empresa Nedgia Galicia, S.A., presentou solicitude de autorización administrativa e a aprobación da execución do proxecto "Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo) (IN627A 2021/1-2).

##### Obxecto da petición:

O obxecto da petición é a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista, denominado "Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo)"

##### Descrición das instalacións:

O proxecto de referencia, contempla as seguintes instalacións:

- 5 m de tubaxe en aceiro DN 8" correspondente á ampliación de rede de gas natural, en MOP 16 bar con conexión inicial na rede existente RA A-1008.06 e conexión final na parcela de referencia catastral 3889202PJ2338N no T.M. de Cervo (Lugo).
- 7 m de tubaxe en aceiro DN 8" correspondente á acometida de gas natural en MOP 16 bar con conexión inicial na rede descrita anteriormente e con final na parcela de referencia catastral 3889201PJ2338N no T.M. de Cervo (Lugo).
- Instalacións auxiliares:
  - o 1 válvula de acometida de DN 8".
  - o 1 válvula de seccionamento de DN 8"

**Termo municipal afectado:**

A solicitude afecta ao termo municipal de Cervo na provincia de Lugo.

**Orzamento:**

O orzamento das instalacións ascende á cantidade de vinte e catro mil cento oitenta e seis euros con trinta e seis céntimos (24.186,36 €).

**Afección a predios particulares:**

Non se indica a existencia de afeccións a predios particulares

O que, de acordo coa normativa invocada, se fai público para coñecemento xeral e para que aquelas persoas que se consideren afectadas polo proxecto titulado "Proxecto de autorización administrativa e execución de instalacións para a ampliación de rede DN 8" e nova acometida DN 8" de gas natural á industria Aluminio Español S.L.U. en MOP 16 bar no termo municipal de Cervo (Lugo)", poidan examinalo nesta Xefatura Territorial, con enderezo na Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo, e presentar as alegacións que considere oportunas no prazo de 20 días a partir do seguinte á publicación deste anuncio.

Lugo, 22 de febreiro de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0502

**CONCELLOS****BECERREÁ***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 04/03/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2022 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/05/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de marzo de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0503

## BURELA

### *Anuncio*

#### **EXPEDIENTES 47/2022 E 48/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. DECEMBRO 2021.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.753,57 €, correspondendo 837,60 € a libre concorrència e 6.915,97 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 7 de marzo de 2022.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0504

## RIBADEO

### *Anuncio*

#### **APROBACION DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ÁNIMO LUCRATIVO (TERRAZAS)**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 30/11/2021 de modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ÁNIMO LUCRATIVO (TERRAZAS)

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **FEITO IMPOÑIBLE**

1. De conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e 20.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que Refunde o texto da Lei de Facendas Locais, o Concello de Ribadeo establece a taxa pola utilización de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello.

2. Será obxecto desta exacción a utilización de canto espazo exista no termo Municipal que sexa de titularidade pública ou afecto ao uso xeral e todos aqueles Inmobles de utilización pública, sexan titularidade pública ou non, destinados ao uso Xeral da cidadanía e afectos ao servizo público.

Constitúen feitos impoñibles desta taxa a utilización privativa do chan do dominio público local seguintes:

· Ocupación de terreos de dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, plataformas e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (terrazas).

### **SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local.

*“Art. 35.4 “Terán a consideración de obrigados tributarios, nas leis en que así se estableza, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición”*

### **EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pago da taxa regulada nesta ordenanza, referida ao aproveitamento inherente aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou a defensa nacional.

### **NORMATIVA APLICABLE**

As instalacións reguladas na presente ordenanza quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, de protección do medio ambiente, ruídos, urbanística, de accesibilidade e supresión de barreiras, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións deberán ser xustificadas acompañando á solicitude de instalación de terraza en espazos de uso público.

### **COTAS**

As cotas tributarias relativas ás taxas reguladas nesta Ordenanza calcularanse atendendo ao período de ocupación do espazo público. Considerarase para ese efecto dous tipos de tarifas:

1. Ocupación anual
2. Ocupación en tempada

### **OCUPACIÓN ANUAL**

TARIFA ANUAL: 14,52 €/ m2/ ano

### **OCUPACIÓN EN TEMPADA**

Neste apartado incrementarase o prezo anual do m2 nun 25%.

TARIFA TEMPORADA: 18,15 €/ ano

Será de aplicación os meses que dure a tempada de aproveitamento de uso do chan público.

### **PERÍODO IMPOSITIVO DE PAGAMENTO**

As taxas reguladas na presente ordenanza devengarase no momento en que se inicie o uso privativo ou o aproveitamento, aplicándose para a determinación de cotas os seguintes criterios:

- As altas terán efecto dende o día de inicio do aproveitamento.
- As baixas terán efecto dende o día de cesamento do aproveitamento que figure na autorización, salvo que os servizos técnicos municipais determinen outra data distinta do cesamento.
- As baixas relativas ao aproveitamento presentadas durante o primeiro mes do período impositivo, causarán efectos na data de finalización do período impositivo anterior.

### **NORMAS SOBRE INGRESO**

No momento da presentación de solicitudes de licenzas para usos privativos, os suxeitos pasivos ingresarán por autoliquidación o importe das taxas que correspondan segundo o disposto no artigos 5 desta Ordenanza, referidas ao exercicio corrente.

No caso de que, previamente a iniciarse a ocupación do dominio público fose preciso realizar obras, a autoliquidación efectuarase á finalización das mesmas e antes de iniciarse o aproveitamento.

Se, para os seguintes períodos impositivos continuase a utilización privativa ou o aproveitamento do dominio público, as liquidacións serán incluídas nun Padrón periódico con sistema de cobranza por recibos para os que se publicará o período voluntario de cobranza.

En todo caso, a efectos das competencias de inspección e control sobre o estado da vía pública por parte dos Servizos Técnicos Municipais, os solicitantes estarán obrigados a formular a baixa do aproveitamento. De non formularse esta baixa, a Administración Tributaria do Concello poderá requirir o pago das taxas devengadas xunto coas recargas e sancións tributarios procedentes. Do mesmo xeito, a Alcaldía poderá impoñer a correspondente sanción por infracción de norma regulamentaria.

**NORMAS DE XESTIÓN**

1. Para poder gozar da utilización privativa do dominio público, os interesados deberán solicitar a oportuna autorización. En todo caso estes aproveitamentos axustaranse ao disposto na Lexislación de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/86.
2. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I. ou razón social e C.I.F. do solicitante, correo electrónico, domicilio fiscal, situación do aproveitamento e o seu prazo de duración (máximo 20 anos).
3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferenzas coas peticións e conforme ás normas vixentes no Concello en relación ao tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras. Se se desen diferenzas coas declaracións, notificaranse aos interesados e viraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación de intereses de demora e a sanción correspondente.
4. En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados, sempre que non se produciuse o feito impositivo.
5. Non poderá ocuparse dominio público municipal ata que fose ingresado o importe das taxas e outorgada a correspondente autorización.
6. A ocupación entenderase concedida polo tempo que figure na autorización, sen prexuízo dos supostos de renuncia polo interesado, caducidade ou revogación da mesma, nos casos legalmente previstos.
7. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial supuxese a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do abono da taxa a que houberse lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos. O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.
8. O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela, será sancionado pola Xunta de Goberno Local ou Órgano en que delegue de acordo co disposto no artigo 127.1. l) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

No relativo ás infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ao que dite a ordenanza reguladora do concello de Ribadeo.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Exclusivamente durante o ano 2022, como colaboración ao achegamento paulatino a unha normalidade da actividade hostaleira e en consecuencia a un lóxico balance de custos e ingresos. As cotas a satisfacer son:

**1.1 OCUPACIÓN ANUAL 2022**

TARIFA ANUAL: 7,26 €/ m2/ ano

**1.2 OCUPACIÓN EN TEMPADA 2022**

TARIFA TEMPORADA: 9,07 €/ ano

A partir do ano 2023 e ata a actualización ou modificación das cotas por calquera causa aplicaranse as indicadas no apartado 5 desta ordenanza.

**DISPOSICIÓN ÚLTIMA**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse pasados 15 días dende a súa publicación íntegra, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 8 de marzo de 2022.-O alcalde, Fernando, Suárez Barcia.

R. 0505

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 30/11/2021 de modificación da ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**«ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.**

*Artigo 5º. Cota tributaria*

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha tarifa conforme ó número de locais ou vivendas que desaugüen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización, e polos metros cúbicos de auga consumida no caso de prestación do servizo de evacuación e tratamento.

2. A tarifa correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá:

a) na cantidade fixa de 19,00 euros.

b) e, ademais, por cada vivenda ou local de que dispoña o edificio aboará outros 19,00 euros.

3. A tarifa pola prestación do servizo de evacuación e tratamento será o resultado de aplicar ó importe liquidado pola taxa por prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga por mínimo de consumo e exceso sobre o mínimo, o tipo de gravame do 20 por 100.

4. Ós efectos de cuanto dispón o número tres anterior, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu suministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

5. Cota tributaria do vertido ou filtración do terreo ou manantiais:

Unha vez concedida a licenza ou a autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao cadro seguinte:

A tarifa por vertido de filtracións do terreo establécese en base aos m2 da planta do soto, tanto para obra coma para a edificación finalizada, conforme á cota tributaria seguinte:

	€/bimestre
A) Edificacións con soto ata 900 m2	24,67
B) Edificacións con soto entre 900 e 2.000 m2	49,36
C) Edificacións con soto de máis de 2.000 m2	74,04

6. Establécese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda”.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 8 de marzo de 2022.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0506

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 30/11/2021 de modificación da ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### «ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA

##### Artigo 5º. Cota tributaria

1. A taxa esixirase de acordo ás tarifas que a continuación se especifican:

A) Por entronque na rede municipal de augas:

a) Con carácter xeral pola concesión de licenza de entronque na rede municipal de augas 37,93 euros.

b) Ademais por cada vivenda ou local independente de que dispoña o edificio aboarase 18,98 euros. As indicadas tarifas non inclúen os gastos de execución de toma, que serán por conta do solicitante.

B) Por subministro:

- Establécense os seguintes mínimos de consumo, expresados en número de m3. ó bimestre, cotas mínimas de consumo, expresadas en euros ó bimestre, e prezo de m3. de exceso sobre os mínimos de consumo:

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m3 ó bimestre)	Cota mínima (€ ó bimestre)	Exceso de consumo (€ por m3)
1. Usos particulares e domésticos	20 m3 ao bimestre	12,30560864	0,61702576
2. Usos industriais e comerciais			
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares	30 m3. ao bimestre	22,76424384	0,76102208
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	12 m3. ao bimestre	9,10766584	0,76102208
c) Obras de construción ou reparación de edificios	100 m3. ao bimestre	222,2987811	2,22028248
d) Obras de construción ou reparación de vivendas unifamiliares	50 m3. ao bimestre	35,10370864	0,74500192

b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m3. mensuais, o exceso de consumo sobre os mínimos será de 0,76102208 euros/m3.

c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos depósitos e cloración das augas fíxase unha tarifa de 0,59655128 euros/m3 para o mínimo, e 0,61702576 para os excesos.

d) Usuarios do termo municipal de Trabada: Ós veciños do termo municipal de Trabada usuarios do Servicio Municipal de Augas de Ribadeo acollidos previo acordo plenario aplicaráselles o mesmo réxime de tarifas anteriormente fixado.

2. Establécense uns mínimos para os casos que soamente teñan saneamento de 25 m3 para as vivendas domésticas de 22 m3 para o uso industrial e 112 m3 para cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares.

3. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 8 de marzo de 2022.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0507

## XOVE

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 7 de marzo de 2022 aprobáronse a BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, DE UNHA PRAZA DE ENCARGADO DE BRIGADA DE OBRAS E MANTEMENTO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE que a seguir se transcriben na súa integridade:

#### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión **con carácter de interinidade** de unha praza de Encargado de brigada de obras e mantemento, polo sistema de Concurso-Oposición Libre; atopándose vacante dita praza no Cadro de Persoal e non resultando posible a súa cobertura como funcionario de carreira.

#### 2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

**GRUPO:** C1

**NÚM. DE VACANTES:** 1

**DENOMINACIÓN:** ENCARGADO DE BRIGADA DE OBRAS E MANTEMENTO. A praza atópase encadrada no Grupo C, Subgrupo C1 (art. 76 RDL 5/2015, de 30 de outubro), Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais (Art. 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril).

A mencionada praza atópase dotada no Orzamento vixente.

**COMETIDO FUNCIONAL:** realización das funcións propias da praza consonte á titulación esixida organizando e distribuindo os traballos entre o persoal subordinado así como a súa supervisión e control, así como outras que, dentro da súa competencia, podan ser encomendadas polos órganos competentes do Concello en calquera dos servizos deste. Con carácter particular, as seguintes:

-Inspeccionar o estado da vía pública, parques e xardíns públicos, mobiliario urbano, zonas verdes, áreas recreativas, alcantarillado, alumeadado público e en xeral, das instalacións, infraestruturas e edificios municipais ou dos que non sendo municipais, o seu mantemento sexa a cargo do Concello (C.E.I.P.) encargándose de que se executen as tarefas de mantemento e conservación precisas.

-Responsabilizarse do seguemento das obras en coordinación cos encargados dos distintos servizos municipais así como asumir a responsabilidade e seguemento de aquelas obras que sexan executadas por terceiros contratados polo Concello, verificando a súa finalización no prazo que corresponda.

-Coordinar e participar nas tarefas de montaxe e desmontaxe debido á celebración de actos e eventos

-Velar polo seguemento das medidas de seguridade e saúde na execución dos traballos

-Controlar as necesidades do vestiario e material dos distintos departamentos e solicitar as adquisicións que corresponda para cubrir as necesidades dos distintos servizos

-Impulsar e realizar a tramitación e seguemento dos distintos contratos administrativos (contratos menores, fundamentalmente e maiores ocasionalmente) que se requira formalizar, tanto de obras como de subministros ou servizos

-Coordinar as solicitudes de vacacións, permisos, etc, do persoal ao seu cargo aos efectos de que non se vexa menoscabado o funcionamento dos distintos servizos que del dependen.

Participar nas Mesas de Contratación cando se trate de contratos administrativos do seu cargo.

**XORNADA DE TRABALLO:** A tempo completo

**RETRIBUCIÓN:** As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 22 e seguintes do RDL 5/2015, de 30 de outubro) así como no artigo 15 do vixente Acordo Regulador das Condicións de Trballo do Persoal Funcionario do Concello de Xove. Nivel de Complemento de Destino: 21. Complemento específico: 850 puntos (para 2022, 16.609,00 euros distribuídos en 14 pagas)

#### 3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 9 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, E.B.E.P.): “Son funcionarios de carreira quen en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: “Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.



- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- Publicade das convocatorias e das súas bases.
- Transparencia.
- Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: “Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

-Artigo 10 do E.B.E.P.: “Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nombrados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:....a) a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

-Artigo 170 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: “ Terán a consideración de funcionarios de Administración Especial os que teñan atribuído o desempeño das funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira, profesión, arte e oficio”.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

#### 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, de 7 de xuño, e ao determinado no artigo 4 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

#### 5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

##### 5.1.- Requisitos Xerais:

a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.

c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa nos termos establecidos no artigo 56.1.c) do E.B.E.P.

d) Habilitación: Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

## 5.2.-Requisitos específicos:

a) Titulación: De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

-Bacharelato ou Técnico de Formación Profesional relacionado coas funcións propias da praza ou posto

b) O coñecemento da lingua galega: os interesados deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa D.A. 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G.A. 146 de 30/07/2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (D.O.G.A. 34 de 19/02/2014)

Caso de non dispor do CELGA 4, o coñecemento da lingua galega acreditarase mediante a superación dunha proba tipo test plantexada polo Tribunal a realizar antes do exercicio escrito da fase de oposición. Esta proba de coñecemento da lingua non terá puntuación máis será requisito imprescindible superala.

c) Permiso de conducir B

## 6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica da páxina web (<https://xove.sedelectronica.gal>). A data de publicación no B.O.P. abre o prazo de presentación de solicitudes.

## 7. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

**Instancias e documentación adicional.** As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

- Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puideran advertir, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.
- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.
- As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflexen as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o Tribunal poda resolver con obxectividade a solicitude plantexada, o interesado deberá adxuntar dictame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

**a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante:** DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

**b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.** Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

**c) Fotocopia da titulación académica** esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

**d) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado,** nos termos reflectidos na Base 5.2

**e) Fotocopia compulsada do Permiso de Conducir tipo B**

**f) Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.**

Deberá presentarse fotocopia da titulación que se valora como mérito na base 11.2 ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

Non acreditar os méritos tal e como se sinala, acreditarlos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

**Prazo de presentación.** Este será de VINTE DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.P.

**Lugar de presentación:**

- De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)
- A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove
- Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incurriu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

**Consentimento ao tratamento de datos persoais:** Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

## 8. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

**Listaxe provisional.** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://xove.sedelectronica.gal>).

**Prazo de alegacións.** O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 3 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 6 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

**Listaxe definitiva.** De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

**Recursos contra a listaxe definitiva.** Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

## 9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

**Composición.** O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado polos seguintes membros, tendo todos eles voz e voto, excluído o Secretario do Tribunal, que redactará a acta de cada sesión que se celebre:

- Un Presidente
- Catro vogais
- Un Secretario

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

**Nomeamento e publicación.** As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello aos efectos de que os aspirantes podan formular recusación.

**Abstención e recusación.** Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

**Actuacións do Tribunal.** O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como á normativa en materia de acceso ao emprego público.

**Pagamento de asistencias e indemnizacións.** Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

## **10. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.**

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

### **11.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO**

#### **11.1.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (só para aqueles candidatos que non teñan acreditado a posesión do Celga 4)**

Aos efectos do previsto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, será requisito para todos aqueles candidatos que non dispoñan no Celga 4, a realización dunha proba, que consistirá na realización dun exame tipo test sobre un nivel de coñecemento da lingua galega equivalente ao esixido para a obtención do Celga 4 .

- O número de preguntas do exame tipo test será de 20 con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta.
- Tamén haberá que responder a 3 preguntas adicionais de reserva.
- O tempo mínimo para a realización da proba será de 30 minutos.
- Os criterios de corrección e puntuación serán os seguintes:

Resposta correcta: 1 punto.

Resposta incorrecta: - 0 ´25 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória pero non puntuará aos efectos da nota final.

A puntuación mínima para superar a proba será de 10 puntos.

### VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

A valoración do proceso selectivo efectuarase sobre unha puntuación máxima de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito: a fase de oposición suporá un máximo de 80 puntos e a fase de concurso un máximo de 20 puntos.

#### 11.2.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 80 puntos)

O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará de dous exercicios:

1.- Primeiro exercicio, de carácter teórico: consistirá en responder a 60 preguntas tipo test (máis cinco preguntas de reserva) relacionadas tanto coa parte de Materias Comúns coma de Materias Específicas do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso). Este exercicio terá unha puntuación máxima de 48 puntos. As preguntas de reserva substituirán en orde correlativo da primeira á última, ás preguntas que, no seu caso, podan ser anuladas de xeito motivado polo Tribunal.

Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

Pregunta acertada: 0,80 puntos.

Pregunta incorrecta: - 0,20 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

O tempo de duración do exercicio en ningún caso será inferior a 60 minutos.

2.- Segundo exercicio, de carácter práctico: consistirá nun ou varios supostos prácticos determinado/s libremente polo Tribunal que terán por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen na parte de Materias Específicas do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso) e respondan ás funcións ou tarefas da praza cuxa provisión se convoca. O/os suposto/s terán a concreción necesaria de xeito tal que o Tribunal poda determinar as cuestións concretas que deban ser resoltas.

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 32 puntos.

O tempo de duración do exercicio en ningún caso será inferior a 60 minutos.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatoria debendo obterse para a súa superación un mínimo de 40 puntos coa suma da puntuación obtida nos dous exercicios anteriormente mencionados.

Durante o tempo fixado para a realización do exercicio non se poderán usar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou similares, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para o exercicio no que resulte necesario. O incumprimento suporá a exclusión do procedemento de selección por parte do Tribunal.

#### 11.3. FASE DE CONCURSO (TOTAL 20 puntos).

Únicamente se valorarán os méritos correcta e debidamente aportados xunto coa instancia e que estivesen documentalmente xustificadas. Valorarase as seguintes titulacións;

- -Licenciatura ou Grao en Enxeñerías que teñan relación coas funcións propias da praza ou posto, ou Arquitectura: 20 puntos
- Titulación universitaria de grao medio en enxeñería que teña relación coas funcións propias da praza ou posto, ou Arquitectura Técnica : 10 puntos
- -Ciclo Superior de Formación Profesional que teña relación coas funcións propias da praza ou posto: 5 puntos.

Será o Tribunal quen decida a relación das titulacións acreditadas coas funcións propias a desenvolver da praza que se convoca.

A puntuación máxima total a obter na fase de concurso en calquera caso será de 20 puntos, non acumulándose titulacións. No suposto de acreditarse máis de unha titulación só será tida en conta aquela á que lle corresponda maior puntuación sen que en ningún caso, un aspirante poda obter máis dos 20 puntos anteriormente citados como máximo.

### NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

#### a. Fase de concurso

Será previa á de oposición, non será eliminatoria, nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. A valoración deberá finalizar antes do inicio das probas selectivas eliminatorias.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao Tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

As calificacións provisionais correspondentes á fase de concurso faranse públicas unha vez celebrado o último exercicio da fase de oposición e só respecto daqueles candidatos que tivesen superado o mesmo.

- **Proba de coñecemento da lingua galega**

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase no mesmo día que a primeira proba da fase de oposición pero con carácter previo. O Tribunal requerirá, ao inicio da proba a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

- **Fase de oposición**

O Tribunal requerirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantizará o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comenzo das probas, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código nos exames ou supostos nos que consista a fase de oposición. En dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

De cada exame ou suposto da fase de oposición levantarase a correspondente Acta, que será asinada por todos os membros do Tribunal.

Unha vez celebrado o primeiro exercicio, o Tribunal fará pública a plantilla coa relación das respostas correctas, con carácter provisional, elevándose a definitiva tras o estudo das alegacións ou reclamacións. A publicación efectuarase na Sede Electrónica do Concello. Os aspirantes disporán de dous días naturais para formular alegacións e reclamacións a contar desde o día seguinte á data de exposición ao público da plantilla correctora, as que serán tidas en conta polo Tribunal nas súas deliberacións entendéndose resoltas coa decisión que se derive da exposición ao público da plantilla definitiva.

Calquera outra alegación, suxerencia, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal ou calquera outra circunstancia relativa ao desenvolvemento das probas, poderase alegar durante os dous días naturais seguintes á publicación das puntuacións de cada proba ou exercicio, será o Tribunal quen decida sobre as mesmas, reseñándoo na correspondente acta.

### **13. CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN**

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate, a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida na fase de oposición (suma da puntuación obtida como resultado dos dous exercicios)

2º.- Maior puntuación no primeiro exercicio.

3º.- Maior puntuación na fase de concurso

4º.- Maior puntuación obtida nas preguntas de reserva do exercicio teórico da fase de oposición. No suposto de que o Tribunal, de oficio ou a instancia de parte, teña acordado a anulación dalgunha pregunta e a súa substitución pola de reserva, aos efectos do desempate, só se terán en conta as contestacións ás preguntas de reserva restantes.

5º.- Se aínda así persistise o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar ente os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.1

Calquera alegación, suxerencia, reclamación ou petición de revisión sobre a puntuación outorgada polo Tribunal no concurso, poderase alegar durante os tres días naturais seguintes á publicación das calificacións finais e será o Tribunal o que decida sobre as mesmas no prazo dos cinco días naturais seguintes á finalización do periodo de exposición pública, reseñándoo na correspondente acta. Unha vez resoltas as reclamacións, o Tribunal publicará as calificacións finais definitivas tanto do concurso como da oposición.

O Tribunal remitirá á Alcaldía, ao obxecto da oportuna contratación, a relación de aspirantes de maior puntuación e en número igual ao número de prazas convocadas (unha). Non obstante, para asegurarse a

cobertura da praza convocada, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes aprobados que sigan ao proposto, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se registre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante que teña superado o proceso selectivo.
- b) Que o aspirante que superase o proceso selectivo non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduza que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

#### **14.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.**

O aspirante proposto presentará no Departamento de Persoal do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

- a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.
- b) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- c) No caso de ter a condición de discapacitadas deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para solicitar ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

**Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das calificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistimiento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

#### **15. NOMEAMENTO E CESE**

Unha vez resolto o proceso selectivo deberá realizarse o nomeamento como funcionario interino do aspirante seleccionado, debendo éste tomar posesión ou incorporarse no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte á notificación do nomeamento. Previamente á toma de posesión deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no RD 707/1979, de 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas. De non tomar posesión no prazo indicado, o nomeado/a quedará en situación de cesante, anón ser que presente causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Por dilixencia farase constar na toma de posesión a manifestación do/a intersado/a de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de incompatibilidade.

Consonte ao previsto no Apartado 4 do artigo 10 do E.B.E.P., ao tratarse dunha praza vacante a cubrir de xeito interino, deberá ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa; transcorridos tres anos desde o nomeamento como funcionario interino, producirase o fin da relación de interinidade e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente procese selectivo quede deserto, en cuxo caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino. Excepcionalmente o funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente sempre que se tivese publicada a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta cosonte aos prazos establecidos no artigo 70 do E.B.E.P. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cese dea lugar a compensación económica.

#### **16. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.**

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

#### **17. RECURSOS.**

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e

das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

## **ANEXO I**

### **PROGRAMA DE ACCESO**

#### **MATERIAS COMÚNS (9 temas).**

A Constitución Española de 1978: os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978 e a súa protección e suspensión.

A organización territorial do Estado na Constitución Española. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. A Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia: Título Preliminar; Título II Das competencias de Galicia.

As Entidades Locais. O municipio. Elementos do municipio. O termo municipal. A poboación e o empadramento. O censo electoral. A provincia. A Organización Municipal regulada na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local: o Pleno, O Alcalde e a Xunta de Goberno Local. Composición, funcionamento e competencias. Outros órganos municipais.

Competencias dos municipios e das provincias. Bens, actividades e servizos dos municipios: o Título VI da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

As fontes do Dereito Administrativo: a Constitución como norma xurídica. Leis Orgánicas e Leis ordinarias. O Decreto Lexislativo. O Decreto Lei. O Regulamento: concepto, clases e límites. Outras fontes do Dereito Administrativo. A potestade regulamentaria das entidades locais. Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. Os Bandos.

O acto administrativo: concepto, clases, motivación e forma. Actos nulos e anulables. O procedemento administrativo. Concepto. Formas de inicio do procedemento administrativo. Instrucción do procedemento: actos de instrucción, alegacións, a proba, informes, trámite de audiencia, a información pública. A terminación do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo: natureza, supostos, sentido, efectos. O desestímulo, renuncia e a caducidade como formas de terminación do procedemento administrativo.

As facendas locais. Os recursos dos municipios. Ingresos de dereito público e de dereito privado. Tributos: impostos, taxas e contribucións especiais.

O orzamento municipal: contido, elaboración e aprobación. Estrutura orzamentaria. As modificacións de crédito. A liquidación do orzamento.

A contratación pública regulada na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: contratos administrativos, contratos privados e contratos excluídos. Tipos de contratos administrativos. O expediente de contratación. Formas de tramitación dos expedientes de contratación e procedementos de adxudicación. Os contratos menores e a súa tramitación. Os contratos menores de obras, subministros e servizos. A execución de obras pola propia Administración.

#### **B. MATERIAS ESPECÍFICAS (31 temas)**

1. A organización da brigada de obras. Planificación do traballo e desenvolvemento das tarefas.
2. Coñemento dos proxectos de obra. Lectura de planos. Medición de superficies. Orzamento xustificado por prezos descompostos. Os gastos xerais e o beneficio industrial
3. Replanteo de proxectos e replanteo das obras. Concepto, definición e útiles necesarios para o replanteo dunha obra.
4. Figuras intervintes nunha obra: a propiedade, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, o contratista. As certificacións de obra. As modificacións do contrato de obras previstas tanto nos artigos 204 e 205 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, coma no artigo 242.
5. Conservación das vías públicas. Conservación preventiva de pavimentos. Reciclado de firmes, reforzo e rehabilitación. Pavimentación de aceras. Pavimentación en asfalto. Construcción de arquetas, instalación de bordillos.
6. Xestión e tratamento de residuos na construción. Especial referencia á utilización dos materiais resultantes do reciclado de residuos na construción de viais e infraestruturas. Consideración dos materiais procedentes dos residuos de construción e demolición.
7. Execución de obras de formigón armado: forxados, pilares, armaduras, encofrados
8. Execución de obras: cimentación, paredes, cerramentos e tabiquería. Solados, chapados e alicatados. Cubertas: tipos. Cerramentos e tabiquería. Paramentos de distribución interior, falsos teitos.



9. Estructuras metálicas elementais. Soldaduras. Imprimación.
10. Instalacións eléctricas en edificación e de alumado público. Tipos de circuitos. Canalizacións. Rede de terra. Instalacións básicas de baixa tensión: tipos de averías e reparacións. Prevención de descargas e sobretensións. Medidas de protección e seguridade. Sinalización semafórica. Iluminación ornamental.
11. Fontanería. Conceptos xerais: caudais, consumos, velocidade, presión, perdas de auga, golpe de ariete. Instalacións sanitarias. Averías, mantemento e reparacións. Saneamento e abastecemento de auga. Redes de saneamento. Evacuación de augas residuais e pluviais. Instalacións de rego. Características e dimensionado da rede de rego
12. Instalacións térmicas. Climatización e calefacción.
13. Pintura. Conceptos xerais. Tipos de pintura e tarefas básicas. Útiles e ferramentas. Pintura exterior e de interiores.
14. Carpintería. Conceptos xerais. Tipos de carpintería exterior e interior. Tipos de madeira. Maquinaria, ferramentas. Empalmes e ensambles. Sistemas de encolado.
15. Albanelería. Conceptos xerais. Materiais de construción. Ferramentas.
16. Mantemento de espazos e zonas verdes. Traballos de desbroce individual e con maquinaria. Mantemento de xardíns. Abonados, produtos e tratamentos fitosanitarios.
17. Accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas e urbanísticas. Normativa vixente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Vados peonís. Prazas de estacionamento. Deseño e sinalización visual e táctil.
18. Xestión do parque de vehículos e maquinaria do servizo de obras. Documentación, mantemento e revisións.
19. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Capítulos I, II, III e IV. Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Os equipos de protección individual.
20. O RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
21. A sinalización das obras: elementos de sinalización, balizamento e defensa. Condicións xerais de seguridade na carga e transporte de materiais.
22. Normas e protección contra incendios nos edificios. Sinalización e iluminación. Medios de extinción de incendios. Plans de emerxencia e evacuación.

Xove, 8 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0508

---

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente:** A/27/04329/E

**Asunto:** Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

**Titular:** Comunidad de Usuarios del Agua Casa do Zapateiro

**Nombre del río o corriente:** Un pozo

**Punto localización:** Lugar de Gandarela

**Término municipal y provincia:** Triacastela, Lugo

**Caudal concedido:** 0,013 l/s

**Destino:** Abastecimiento

**Título:** Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

**Fecha:** 18 de enero de 1996

**Registro de Aguas:** 4765, Sección A, en el Tomo 0048, hoja número 065

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Triacastela** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 8 de marzo de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0509

---

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente:** A/27/06266/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios de Veciños de Toldaos

Nombre del río o corriente: Fuente Fonte do Cardio

Punto localización: Lugar de Toldaos, San Salvador de Toldaos

Término municipal y provincia: Triacastela, Lugo

Caudal concedido: 0,57 l/s

Destino: Abastecimiento a Toldaos

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 13 de mayo de 1997

Registro de Aguas: 6662, Sección A, en el Tomo 0067, hoja número 062

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Triacastela** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 8 de marzo de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0510